

A tripla sintomatoloxía dun malestar global

Descrición

Inseguridade, ben podería ser a palabra do ano que remata. Non só por mor do deterioro global da seguranza, que é un feito, senón polo incremento das incertezas que acompaña o aumento da temperatura do planeta, o profundamento dun modelo in-social que fai da precariedade un dos valores supremos da competitividade, as flutuacións dunha economía de mercado en plena fuga cara adiante a través da multiplicacións de TLCs e plataformas de integración que desprezan a soberanía e o ben común, a percepción dunha urxente demanda de rexeneración democrática sen follas de ruta establecidas pero con sólidos fundamentos cívicos ou os impactos desestabilizadores de axendas e institucións que criamos ata agora fóra de todo perigo de naufraxio. Velaí que a suma de todo achéganos un mundo cada vez mais irrespirable nun sentido amplo, en insistente coqueteo co colapso e urxido de alternativas pensadas para o benestar das maiorías. Todo iso, un cuarto de século despois daquel inicio da posguerra fría (1991), longa transición a que deu paso a liquidación da URSS e na que aínda seguimos instalados.

Inseguridade, ben podería ser a palabra do ano que remata. Non só por mor do deterioro global da seguranza, que é un feito, senón polo incremento das incertezas que acompaña o aumento da temperatura do planeta, o profundamento dun modelo in-social que fai da precariedade un dos valores supremos da competitividade, as flutuacións dunha economía de mercado en plena fuga cara adiante a través da multiplicacións de TLCs e plataformas de integración que desprezan a soberanía e o ben común, a percepción dunha urxente demanda de rexeneración democrática sen follas de ruta establecidas pero con sólidos fundamentos cívicos ou os impactos desestabilizadores de axendas e institucións que criamos ata agora fóra de todo perigo de naufraxio. Velaí que a suma de todo achéganos un mundo cada vez mais irrespirable nun sentido amplo, en insistente coqueteo co colapso e urxido de alternativas pensadas para o benestar das maiorías. Todo iso, un cuarto de século despois daquel inicio da posguerra fría (1991), longa transición a que deu paso a liquidación da URSS e na que aínda seguimos instalados.

A situación internacional en 2015 estivo condicionada por tres grandes eixes transversais. Dunha banda, a intensificación das accións terroristas; doutra, a loita contra o cambio climático; por último, o agravamento da problemática dos refuxiados. Respecto ao primeiro, a reiteración de atentados nos cinco continentes co selo común da confrontación coas políticas occidentais puxo en vilo, sobre todo, ao mundo desenvolvido. As accións do Daesh, simbolizadas no atentado suicida de París e nos asasinatos dos reféns secuestrados, amosaron vulnerabilidades e impotencias nunha guerra asimétrica que aventúrase longa e complexa, ameazando con laminar as propias liberdades e dereitos individuais que están no cerne da identidade europea e as políticas de integración multicultural, hoxe sometidas a unha severa peneira.

Mais alá de Europa, en África, o terrorismo consolídase especialmente como un fenómeno en auxe que prolifera ante a ausencia de cooperación eficaz entre os Estados, a deficiente preparación dos diferentes servizos involucrados na súa represión e a persistencia combinada de pobreza e conflitos que nutren os seus principais bastións. Tanto al-Qaeda como Boko Haram ou a nebulosa Shebab fan ostentación dun proxecto elaborado e con vocación de permanencia. Tan só no Sahel, a actividade dos grupos islamitas radicais implicou o desprazamento de 3,5 millóns de refuxiados e a morte de 20.000 civís (un 60 por cento só en Nixeria). Un mínimo de dez capitais do continente foron obxecto de tomas de reféns e atentados brutais. Non acostuma saír nos grandes medios de comunicación do mundo desenvolvido ata que algún nacional está involucrado, pero o epicentro mais perverso desta guerra está aí.

No que atinxe á loita contra o cambio climático, o cumio de París abriu a posibilidade de fixar un horizonte de caducidade ao carbón e o petróleo como motores do planeta. Pese a que non todo quedou resolto no cumio, en especial polo carácter non vinculante das medidas acordadas para atallar os gases de efecto invernadoiro, o pouso que deixou París foi mellor ca o de Copenhague (2009). Está por ver, non obstante, que os países mais desenvolvidos e que causaron o problema sexan quen de comprometerse para axudar ás comunidades máis vulnerables polo quecemento global. Os gobernos debentomar medidas rápidas e con maior ambición para urxir un cambio de modelo que asegure o debido financiamento para alentar o uso das enerxías renovables. Sen un cambio no modelo de produción e de consumo, que require unha maior concienciación das propias sociedades, será difícil converxer en solucións cribles.

Entre os referentes da axenda do ano que remata cabe significar, en primeiro lugar, o trunfo da lóxica rusa no conflito sirio. A actitude de Moscova, claramente decantado do lado de Bashar al-Assad, involucrouse de cheo e sen miramentos na guerra civil, conseguindo que os países occidentais sumaranse a ela a certa distancia ante o agrandamento dos perigos asociados tralas experiencias vividas noutros entornos semellantes. Agora, al-Assad é o mal menor. Putin, ademais, logrou consolidar posicións no escenario ucraíno e a pesar das sancións, a súa insumisión ante os ditados occidentais confírelle unha autonomía crecente nun escenario global con tendencias claramente triangulares (EUA, Rusia, China) a cada paso mais visibles.

Interrogantes en América Latina

En América Latina, os comicios de Arxentina e Venezuela aventuran cambios na rexión. As economías da zona retrocederon case medio punto en 2015 e apenas medrarán un par de décimas no vindeiro ano, se ben Centroamérica podería crecer arredor dun 4 por cento. As posibilidades dun diálogo nacional entre oficialismo e oposición en Caracas semellan tan lonxe como imprescindible é para adiantar solucións á situación económica do país, lastrada polo desabastecemento e a superinflación (170 por cento a final de ano). A vitoria da Mesa da Unidade Democrática (122 escanos) fronte ao Gran Polo Patriótico (55 escanos), con dous millóns de votos máis, sitúa o bolivarianismo nunha posición fráxil e con riscos engadidos de inestabilidade. Feito inédito en 16 anos, a hipotética recuperación da credibilidade de Maduro e do chavismo pasa pola superación dos graves erros cometidos en materia económica e de comunicación que, en primeiro lugar, deberan admitir antes de buscar chibos expiatorios.

Tamén Cuba seguirá acaparando gran parte da atención internacional. Na Habana espéranse novos avances cumprido un primeiro ano de normalización das relacións con EUA, celebrado coa restauración dos voos comerciais. Tralos progresos no terreo político-diplomático, coa apertura das embaixadas respectivas e a exclusión da illa caribeña da listaxe de países presuntamente patrocinadores do terrorismo, cabe esperar medidas incentivadoras do comercio e os investimentos polas acreditadas vantaxes de Cuba en termos de proximidade xeográfica, estabilidade, seguridade e alta cualificación da súa man de obra. Se ben o bloqueo non terminou e as diferenzas en materia de apertura política e dereitos humanos persisten, as contradicións non paralizarán o proceso iniciado.

O xigante brasileiro, a maior economía de Sudamérica, atravesa un sintomático punto de inflexión. Os episodios de corrupción (un 67 por cento dos brasileiros atribúelle a este fenómeno a responsabilidade da crise económica) alimentan un clamor popular que sitúa contra as cordas o mandato de Dilma Rousseff e o liderado político do PT. Cabe sinalar, con todo, que é a primeira vez en toda a historia deste país que grandes empresarios e importantes dirixentes políticos de máximo nivel son obxecto de procesamento e castigo. A corrupción equivale a arredor dun 2,3 por cento do PIB, segundo varias estimacións. A superación desta cultura asociada ao que chaman a "fisionomía política" reclama un fortalecemento institucional que o liderado actual, inmerso nunha verdadeira encrucillada, ten difícil dotar de credibilidade.

En Asia, co conflito intercoreano na corda frouxa primeiro e con sinais de calma relativa cara o final de ano, as miradas centráronse nos grandes actores rexionais, especialmente China e Xapón. As dificultades económicas do xigante asiático propiciaron mais de un sobresalto nas bolsas alertando da dificultade de dar cumprida conta dos obxectivos de crecemento (7%). A transición cara un novo modelo de desenvolvemento discorre en medio de tensións políticas internas, encirradas cunha campaña anticorrupción dunha envergadura descoñecida. Pola súa banda, os cambios na doutrina de seguridade en Xapón e a intensificación das disputas polo control dos recursos nos mares de China oriental e meridional, con implicación de países próximos pero tamén de EUA ou Australia, aventuran un escenario quente onde tamén pode rexistrarse algún que outro sobresalto. Para China, o ano político comezará en Taiwan, onde a esperada vitoria electoral dos soberanistas matizará e ralentizará o proceso de achegamento vivido desde 2008. Aínda así, nada volverá a ser como antes....

¿Intervir ou influenciar?

Con EUA apuntando certa mellora da situación económica interna reflectida no anuncio da suba dos tipos de interese, Europa segue en apuros. Dunha banda, viviu en 2015 a súa peor crise de refuxiados desde a II Guerra Mundial, co éxodo de países devastados por guerras como Afganistán, Iraq, Libia ou Siria. Os países europeos, moitos deles involucrados nesas guerras, responderon con diferentes medidas, incluíndo a construción de valados para blindar as fronteiras. A afluencia de refuxiados –arredor dun millón- supón tamén unha pesada carga para nacións de tránsito como Turquía ou Libano, que reaccionaron sen o alboroto europeo. A UE viu ameazada a súa propia unidade ante a imposibilidade de achegar acordos cribles en materia de asilo ou distribución de refuxiados, coa zona de libre tránsito de Schengen ao bordo do colapso. Por outra banda, a esta fenda aberta súmanselle as expectativas do Reino Unido que reivindica un acomodamento diferente na Unión pois do contrario podería optar pola saída. Así mesmo, nos PECO (países de Europa Central e Oriental) consolídase unha identidade diferenciada que marca distancias con Bruxelas. Compartindo o mesmo mercado, os límites ás liberdades da man de plataformas e movementos cívicos de signo ultraconservador converxen no lado occidental co auxe renovado das tendencias de signo fascista.

A expansión do problema dos refuxiados leva de cheo ao cuestionamento das intervencións militares occidentais. Sorprende identificar a Francia como a potencia media máis intervencionista hoxe no mundo árabo-musulman. A conseguinte desestabilización de rexións enteiras alimentou o xurdimento de organizacións terroristas que agora sacoden as capitais occidentais e outras áreas do seu interese. Os empeños por derrocar gobernos e instalar outros afíns aos seus ditados levaron ao caos en non poucas ocasións. Sen un final á vista, EUA e Europa deben asumir a súa responsabilidade. A Jamahiriya que París, Londres e Washington querían converter en democracia pasou directamente a ser un estado fallado e a primeira fábrica africana de terror....

A baixa global dos prezos das materias primas, a cronificación de numerosos conflitos, a persistencia da crise global e o afrouxamento do interese xeopolítico afondaron a condición periférica africana. A pesares das súas sombras, tan só China semella manter e ata acentuar o interese estratéxico polo continente, apoiando a súa industrialización e os investimentos en infraestruturas ou en formación. Cousa que nin EUA nin Europa fixeron nos mellores tempos pasados. As críticas desatadas nos últimos tempos sobre o comportamento das empresas chinesas, pouco respectuosas co ambiente, os dereitos laborais ou as identidades locais, fixeron mela e hoxe Pequín envórcase nunha operación de altura na que co tempo poderemos diferenciar canto hai nela de sinceridade e canto de imaxe.

O ano que entra estará en boa medida marcado polos ritmos da política estadounidense. A carreira electoral vivirá compases decisivos con consecuencias inevitablemente globais. O tempo post-Obama permitirá facer balance dun mandato con claroscuros pero que no seu conxunto permitiu demostrar unha vez mais as fortalezas do poder estadounidense, tanto no económico como xeopolítico. Por outra banda, un liderado pouco probable do histriónico Donald Trump nas filas republicanas sería a mellor garantía dun trunfo demócrata da man de Hillary Clinton. Sexa como for, Barack Obama abandonará a Casa Branca cun EUA relativamente mellor posicionado en termos globais con respecto a 2009, á fronte do liderado tecnolóxico, envorcado nunha estratexia complexa de integracións económicas (TPP, TIIP) destinadas a realzar unha hexemonía que igualmente no plano militar e político non ten aínda rival crible.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Otros

ETIQUETAS

Terrorismo Refuxiados Orde internacional Tendencias internacionais

IDIOMA

Galego

Fecha de creación

diciembre 28, 2015

Campos meta

Autoría : 3717

Datapublicación : 2016-01-02 00:00:00